

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de xaneiro de 2023, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Administración Especial/Economista, a xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada o 24 de xaneiro de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500) para os lotes A e B na seguinte orde descendente:

LOTE A

CLASIFICACIÓN	LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	91,94
2ª	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.	90,98



3ª	EIBISA NORTE, S.L.	82,25
----	--------------------	-------

LOTE B

CLASIFICACIÓN	LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	91,94
2ª	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.	91,11
3ª	EIBISA NORTE, S.L.	82,25

Segundo.- En base ao establecido no apartado 2.D do Anexo I -FEC- do PCAP que indica que "a licitadora que obtivera a máxima puntuación en ámbolos dous lotes será adxudicataria do lote da súa preferencia, resultando adxudicataria do lote restante a licitadora que obtivera a segunda mellor puntuación no mesmo":

- 1.º. Requerir a licitadora clasificada, en ambos lotes, en primeiro lugar, LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B33473489) que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):
 1. Declaración asinada dixitalmente polo seu representante, con poder ao efecto, no que indique o lote da súa preferencia.
 2. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- 2.º. Requerir a licitadora clasificada en segundo lugar, en ambos lotes, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. (B96067400), para que presenten, asemade, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):
 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/01/2023 10:11	Páxina 2 de 2
2893-500	CSV: A4A5B8-8855C5-AD31D2-KX1BN6-CJNMVL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		